



Tema 3. A linguaxe inclusiva feminista

Neste terceiro tema trataremos sobre a importancia da linguaxe e empregaremos o Manual de linguaxe inclusiva da Universidade de Vigo para facer ilustrar a normativa

I. Importancia de empregar a linguaxe inclusiva

Uns dos papeis fundamentais da linguaxe é de xerar determinadas «representacións sociais» que proporcionan a quen integra a comunidade formas de coñecemento e de interpretación do mundo. As representacións sociais son coñecemento institucionalizado e compartido por unha comunidade e apréndense e interiorízanse ao longo da vida.

Moita da información que posuímos non procede das nosas experiencias persoais senón de discursos sociais e polo tanto moitas cousas que descoñecemos foron acontecementos que nunca se reflectiron no discurso institucionalizado como a historia, as leis, as ciencias ou os medios de comunicación nos nosos días. Isto non quere dicir que eses feitos ou esas persoas non existiran, senón que non foron nomeados e, por tanto, dificilmente puideron transmitirse e/ou consolidarse no imaxinario dunha colectividade.

Segundo Fraser (2011) a ausencia da evocación directa do feminino no discurso implica unha infravaloración social da necesidade de representación simbólica das mulleres en privilexio dos trazos asociados coa masculinidade.

Se a linguaxe só fala en masculino, é unha linguaxe sexista, debido a que mulleres e homes non están representados en condicións de igualdade na mensaxe que se quere transmitir. A linguaxe mantivo invisible á muller durante séculos, e como é ben sabido, a linguaxe evoluciona coa realidade social, tratándose dun proceso dinámico, no que a medida que a sociedade cambia, evoluciona á súa vez a linguaxe.

A sociedade cambia a lingua e a lingua cambia á sociedade

A linguaxe xorde (bioloxicamente) de abaixo, da necesidade irreprimible que ten o ser humano de pensar e comunicarse. Pero xérase tamén e transmítese (culturalmente) desde arriba, é unha encarnación viva e indispensable da historia, das visións do mundo, das imaxes e das paixóns dun pobo (Sacks, 1994).

Como sinala Subirats (1993) «a realidade non existe ata que se nomea ou ben existe dunha forma diferente a como existirá despois de ser nomeada».

O poder da linguaxe

A linguaxe ten un compoñente político, xa que decidimos as palabras que empregamos e como as empregamos estamos impondo una visión do mundo.

A linguaxe constrúe o pensamento, a ideoloxía a historia da sociedade xa que a través dela transmitimos a representación que temos do mundo, razoamos, transmitimos ideas, pensamentos, conceptos.

A linguaxe inclusiva

A linguaxe inclusiva é aquela que non oculta, non subordina, non infravalora, non exclúe, non estereotipa e axuda a consolidar unha mirada máis igualitaria e inclusiva da realidade (MERCOSUR, 2020).

Cambiar a forma de falar supón cambiar o marco e a maneira en que pensamos e vemos o mundo, o que significa que é unha tarefa que require tempo. Todo o que facemos son palabras, así que ao final a lingua é o que somos, o que pensamos, a maneira de como imaxinamos o futuro. E isto supón un cambio na persoa. A lingua é unha das cousas máis íntima que temos, é como unha pegada dactilar que reflicte todo o tempo o que somos (Martín, 2019).

Ludwig Wittgenstein considera que «os límites da linguaxe son os límites do meu mundo».

II. Conceptos básicos

- > **Sexo:** material biolóxico que distingue femias e machos. A partir de 1980 o concepto de sexo en termos biolóxicos mudou totalmente e pasou a ser considerado un produto social.
- > **Xénero social:** conxunto de trazos socioculturais que o sistema patriarcal constrúe para categorizar e xerarquizar homes e mulleres, establecendo os marcos de actuación lexitimados para uns e outras. A lingua é un dos instrumentos cos que se constrúe o xénero social.

- > **Xénero gramatical:** categoría gramatical non asociable a unha realidade extralingüística. Nas linguas románicas todas as palabras teñen xénero gramatical, pero, cando a palabra ten como referente unha persoa, xénero gramatical e sexo coinciden. Nas linguas románicas o xénero masculino ten dous usos: un específico, referido a un suxeito home, e outro supostamente xenérico, que refire tanto a suxeitos homes como a mulleres. O xénero gramatical feminino só ten un uso específico para referirse ás mulleres.
- > **Sexismo lingüístico:** dáse cando a través da lingua se perpetúa o sexismo social e se contribúe á construción de papeis de xénero discriminatorios mediante unha linguaxe que obvia ou invisibiliza as mulleres.
- > **Sexismo gramatical:** prodúcese cando os usos lingüísticos sexistas responden a normas lingüísticas recollidas nas gramáticas dos diferentes idiomas. Un exemplo evidente e recorrente é o uso do masculino con suposto valor xenérico.
- > **Sexismo discursivo:** ten lugar cando a discriminación sexual non está recollida en gramáticas, senón que responde á escolla e perspectiva de quen usa a linguaxe, de xeito que se transmiten estereotipos de xénero.
- > **Androcentrismo:** é a consideración do home como eixe, medida e referencia de todas as cousas, é dicir, como prototipo e modelo universal. Un exemplo claro é o uso do termo “o home” para referirse a toda a humanidade.
- > **Linguaxe inclusiva:** é aquela que fai visible a existencia dos sexos, utilizando diversas fórmulas para fomentar unha visión do mundo na que se inclúan mulleres e homes.
- > **Norma e uso:** enténdese por norma o conxunto de regras que rexen un sistema lingüístico, e por uso a aplicación de desas regras nun discurso particular.

a. Propostas

A continuación ofrecemos propostas de estratexias diversas para acadar un uso non sexista da linguaxe, tanto no plano gramatical coma no discursivo. Pretendemos dar unha panorámica o máis diversa posible para detectar os usos inadecuados e propor solucións.

a.1. Neutralización ou xeneralización:

Consiste en substituír o termo sexista por un termo colectivo ou verdadeiramente xenérico.

Os substantivos masculinos «xenéricos» pódense substituír de diversos xeitos:

1. Por un **substantivo verdadeiramente xenérico**:

<i>persoal</i>	<i>público</i>	<i>xente</i>	<i>grupo</i>
<i>equipo</i>	<i>clase</i>	<i>colectivo</i>	<i>pobo</i>

2. Por un **substantivo abstracto**:

<i>alumnado</i>	<i>estudiantado</i>	<i>profesorado</i>	<i>candidaturas</i>
<i>a terceira idade</i>	<i>poboación</i>	<i>funcionariado</i>	<i>mocidade</i>

3. Por un substantivo que faga **referencia ao cargo, profesión, órgano de goberno ou lugar**:

<i>profesión</i>	<i>órgano de goberno</i>	<i>xefatura de servizo</i>	<i>claustro</i>
<i>reitoría</i>	<i>decanato</i>	<i>sindicato</i>	<i>delegación</i>

4. Os adxectivos ou participios pasados pódense substituír así:

a) Por un **substantivo neutro** e facer a **concordancia gramatical** con el:

<i>discapacitados</i>	>	<i>persoas discapacitadas</i>
<i>maiores</i>	>	<i>persoas maiores</i>

b) Por un **participio por preposición + substantivo**:

<i>discapacitados</i>	>	<i>persoas con discapacidade</i>
-----------------------	---	----------------------------------

c) Por un **cambio na redacción**:

<i>Ofrecerase aos asistentes</i>	>	<i>Ofrecerase a quen asista</i>
----------------------------------	---	---------------------------------

Os pronomes sexuais en masculino «xenérico» pódense substituír por fórmulas non marcadas:

<i>os que</i>	>	<i>quen</i>
---------------	---	-------------

algún	>	<i>as persoas que</i>
ningún	>	<i>ninguén</i>
todos	>	<i>todo o mundo, calquera</i>

a.2. Especificación

Consiste en facer visibles na linguaxe os sexos que se mencionan, ben mediante marcas do xénero gramatical explícitas e simétricas, ben mediante outros recursos gráficos.

1. **Mención explícita** a ambos sexos.

~~*Asociación de Pais de Alumnos*~~ > *Asociación de Nais a e Pais do Alumnado*

2. Uso de recursos gráficos:

a) A arroba (@):

Este 8 de marzo saímos ás rúas xunt@s

b) Outros signos gráficos, como o **æ**, o **x** ou o *****:

VI Ciclo Escritoras na Universidade

Participaron no acto profesorxs e alumnxs da facultade

*Participaron no acto profesor*s e alumn*s da facultade*

c) A barra (/):

Sinatura da/o titular

d) As parénteses ():

Algún(ha)s estudantes obtiveron sobresaliente

a.3. Neoloxismos

A implantación destas novas estratexias pode levar, en ocasións, a ter que crear palabras que ata entón non contaban co xenérico ou co feminino.

1. Feminino de **profesións** tradicionalmente **masculinizadas**:

médica *avogada* *xuíza* *soldada*

2. Masculino de **profesións** tradicionalmente **feminizadas**:

matrón *modisto* *amo de casa* *azafato*

3. Novos neutros:

usuariado *funcionariado* *estudiantado*

4. Outros termos:

membra *xenia* *presidenta* *clienta*

Hai que ter moi en conta a coherencia ao longo de todo o texto, de maneira que as concordancias de xénero e número garantan a inclusividade:

O alumnado dominará aspectos teóricos e prácticos relacionados co subtítulo, tanto para oíntes coma para ~~xordos~~ > *O alumnado dominará aspectos teóricos e prácticos relacionados co subtítulo, tanto para oíntes coma para **persoas xordas***

a.4. Estratexias contra o sexismo discursivo:

Un texto manifesta sexismo discursivo cando nel se transmiten contidos discriminatorios contra as mulleres, é dicir, cando mantén unha posición ideolóxica sexista. Para facerlle fronte ao sexismo discursivo debemos utilizar a linguaxe con precisión e coidado, observando algunhas sinxelas normas básicas.

1. Nomear correctamente as mulleres e os homes.

O señor Veiga e ~~a señorita~~ Carballo > *O señor Veiga e a señora Carballo*

2. Crear referentes femininos, coidando o estilo:

~~O~~ gañador publicará o seu relato > *O gañador ou gañadora publicará o seu relato*

3. **Romper estereotipos**, evitando expresións como as seguintes:

~~o~~ coche de papá *~~os~~ médicos e enfermeiras*

4. **Non** usar **diminutivos** para se referir ás mulleres:

Que ~~vestidinho~~ máis bonito levas! *Non che vira nunca esa ~~blusinha~~*

5. Non empregar o xénero feminino para **descualificar**, como as seguintes expresións:

ser unha ~~nenaza~~ *~~a~~ cona que te pariu*
~~chorar coma unha muller~~

6. Utilizar **termos xenéricos**:

Necésitanse ~~limpadoras~~ *Necésitase persoal de limpeza*

7. Procurar utilizar o **feminino plural** «mulleres» ou **individualizar** («cada muller», «unha muller» etc.):

Día Internacional ~~da Muller~~ *Día Internacional das Mulleres*

a.5. Táboa de formas recomendadas:

Formas recomendadas	Formas para non usar
O alumnado	O alumno
As alumnas e alumnos	Os alumnos
Alumnas e alumnos	Os estudantes
Alumn@s	
Alumnas/os, alumnos/as	
Alumnxs, alumn*s	
Estudantes	
Estudantado	
O profesorado	O profesor
Profesoras e profesores	Os profesores
O persoal docente e investigador	Os investigadores
Investigadoras e investigadores	
Investigadores e investigadoras	
Bolseiras e bolseiros	O bolseiro
Bolseiros e bolseiras	Os bolseiros
As bolseiras e os bolseiros	
Os bolseiros e as bolseiras	
Bolseir@s	
O persoal de administración e servizos	Os administrativos
O persoal técnico	Os técnicos
A comunidade universitaria	Profesores, alumnos e persoal de administración e servizos
Profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos	
Os titulados e tituladas	Os titulados
As tituladas e titulados	
Persoas tituladas	
Os graduados e graduadas	Os graduados
As graduadas e graduados	
Persoas graduadas	
Graduad@s	
As persoas interesadas	Os interesados
Interesadas e interesados	
Interesados e interesadas	
As persoas usuarias	Os usuarios
Os usuarios e as usuarias	
As usuarias e os usuarios	
O usuariado	
Persoas admitidas	Admitidos
Persoas excluídas	Excluídos
Persoas candidatas	Candidatos
Candidaturas	

Aspirantes	
As persoas traballadoras Traballadoras e traballadores Traballadores e traballadoras	Os traballadores
O cadro de persoal A representación sindical	Os delegados sindicais
A cidadanía Cidadáns e cidadás Cidadás e cidadáns	Os cidadáns
As persoas solicitantes Quen solicita/n Solicitantes	Os solicitantes
Director/a Dirección Director ou/e directora A persoa que dirixe A persoa responsable da dirección	Directores Os directores
Titor/a Titoras e titores Titores e titoras A persoa que titoriza Titor ou titora Titorización Titoría	Titor / o titor Titores / os titores
A persoa responsable As persoas responsables Responsables	O responsable Os responsables
Reitor/Reitora Reitoría Conferencia de reitoras/es Conferencia de reitoras e reitores Conferencia de reitorías	Reitor Reitores Conferencia de reitores
Vicerreitor/Vicerreitora Vicerreitoría Vicerreitores e vicerreitoras	Vicerreitor Vicerreitores
Decana ou Decano Decanato	Decano Decanos
Vicedecana ou vicedecano Vicedecanato	Vicedecano Vicedecanos
Secretaria ou secretario Secretaría	Secretario Secretarios
O funcionariado As funcionarias e funcionarios	Os funcionarios
A organización	O organizador

Organizador@s	Os organizadores
A persoa lectora/O público lector Quen le	O lector
O escritor ou a escritora Escritoras e escritores Escritor@s Escritoræs	O(s) escritor(es)
A voz narradora/A voz narrativa	O narrador
Empresaria/os Empresarios e empresarias O empresariado A clase empresarial	O(s) empresario(s)
Escola de Enxeñaría Industrial	Escola de Enxeñeiros Industriais
Colexio Oficial de Arquitectas e Arquitectos Colexio Oficial de Profesionais da Arquitectura Colexio Oficial de Avogadas e Avogados Colexio Oficial de Profesionais da Avogacía	Colexio Oficial de Arquitectos Colexio Oficial de Avogados

Referencias bibliográficas

FRASER, Nancy. ¿Qué es crítico en la teoría crítica?. En *Dilemas de la justicia en el siglo XXI: género y globalización*. Universitat de les Illes Balears, 2011. p. 53-96.

MARTÍN; María. *Ni por favor ni por favora*. 2019.

MERCOSUR. *Lenguaje no sexista*. <https://www.ippdh.mercosur.int/wp-content/uploads/2018/11/IPPDH-MERCOSUR-RAADH-Manual-Lenguaje-no-sexista.pdf>

SACKS, Oliver. *Veo una voz. Viaje al mundo de los sordos*, 1994. Editorial Anagrama. Barcelona.

SUBIRATS, Marina. Conquistar la igualdad: la coeducación hoy. *Revista iberoamericana de educación*, 1994, vol. 6, no 1, p. 49-78.

VIGO, Universidade de. *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*. [Consulta 18/11/2019]. Disponible en: <https://bit.ly/2SWZGVQ>

WITTENSTEIN, Ludwig. *Tractatus Logico Philosophicus*. Simon and Schuster, 2012.